

FREI MARTÍN SARMIENTO, ANTICUARIO

Fernando Pereira González

Entre as múltiples facianas da obra erudita de frei Martín Sarmiento hai unha que aínda non foi tratada en profundidade polos investigadores da extensa obra do bieito galego malia o lugar senlleiro que nela ocupou. Refírome ao labor de Sarmiento como anticuario, é dicir como estudioso das *antigüidades*. En efecto, abonda con percorrermos as moitas páxinas escritas por el para nos decatarmos de que a curiosidade que sentiu Sarmiento polas *antigüidades* xurdía constantemente nos seus traballos, mesmo naqueles escritos nos que se tocaban os temas máis diversos. E eran moi principalmente as *antigüidades* de Galicia -como todo o referente á súa terra de orixe, paixón verdadeira e perdurable ao longo de toda a súa vida- as que acordaban esa curiosidade e mobilizaban os esforzos do erudito. Temas como a xeografía antiga de Galicia, as pegadas da presenza romana, a historia medieval, as antigas inscricións, os monumentos megalíticos, o pasado celta ou a toponimia como guieiro para o estudio do pasado.

O presente artigo ten como obxecto presentar aqueles trazos principais (pois non é posible facer un tratamento polo miúdo do tema) que definían o pensamento e mailo labor de Sarmiento como anticuario, para o cal se analiza brevemente o seu tratamento das *antigüidades* galegas, así como a metodoloxía e as fontes empregadas por el en calidade de anticuario (1).

Mais antes de centrarme nesas cuestións que constitúen a cerna do artigo, cómpre pasar de seguido a definir con maior claridade quen eran os anticuarios e que significaba o estudio das *antigüidades* na Europa da Ilustración e dos séculos inmediatamente precedentes. Deste xeito será posible inserir o Sarmiento anticuario dentro dunha longa tradición de investigacións eruditas acerca do pasado que no século XVIII aínda seguía a ser unha importante rama do saber histórico, malia estar hoxe en boa parte esquecida.

1. ¿Quen é un anticuario?

Convén deterse un intre na definición de anticuario, pois a significación que actualmente dámos a ese termo difire en moito daquela que posuíu entre os séculos XV e XVIII.

Verbo da súa acepción actual, o *Diccionario da Real Academia Galega* (na súa terceira edición, do ano 2000) presenta as seguintes definicións:

anticuario s.m. **1.** Persoa que se dedica ó comercio de obxectos antigos, particularmente obras de arte, libros, artigos de decoración, etc. (...). **2.** Establecemento comercial onde se venden obxectos antigos (...).

É así que cando hoxe falamos do anticuario vénnos á mente a figura do vendedor ou do coleccionista de “antigüidades”, é dicir, de obxectos (mobles, cadros, estatuas, adornos, etc.) que pertencen a un pasado máis ou menos recente (nomeadamente das catro ou cinco centurias anteriores), sen que pensemos que esa persoa pretenda investigar o pasado a partir deses obxectos, nos cales, polo demais, procúrase máis un valor artístico (ou monetario) ca histórico. Para estudar o pasado a través da cultura material -afirmamos- xa están os arqueólogos, quen ademais se dedican sobre todo aos vestixios de épocas moito máis antigas. E concluímos: os modernos anticuarios mercan, venden, coleccionan ou agariman as súas “antigüidades” por motivos estéticos, e non cunha finalidade científica.

E sen embargo, o anticuario dos séculos XV-XVIII é o máis directo “devanceiro” do arqueólogo actual e doutros investigadores que pescudan hoxe nos tempos pasados. Por iso, e para comprendermos o lugar que ocupaba Sarmiento dentro da longa tradición “anticuarista” europea, é polo que cómpre debuxar con liñas moi xerais nas páxinas que seguen a figura do erudito anticuario da Europa do Renacemento, do Barroco e da Ilustración.

No século XVIII un anticuario era aquela persoa que se dedicaba a estudar as *antigüidades*. Este ambiguo termo de *antigüidades* designaba un amplo conxunto de investigacións históricas que se ocupaban de moi diversos temas e aspectos dun pasado recuado (2). Así, existían as *antigüidades* dun reino ou dunha cidade, que consideraban a súa historia dende os primeiros poboadores ou fundadores ata, aproximadamente, os derradeiros tempos medievais; as *antigüidades* romanas, consagradas ao estudo da civilización da antiga Roma; as *antigüidades* de Grecia, de Exipto ou do pobo hebreo, que facían outro tanto para esas culturas; as *antigüidades* eclesiásticas, que se cinguían á orixe e desenvolvemento do cristianismo, ben a nivel xeral (a historia eclesiástica da cristiandade), ben a nivel particular (o espallamento do cristianismo nun lugar determinado, ou a historia dunha institución eclesiástica concreta: catedral, mosteiro ou orde relixiosa); as *antigüidades* políticas ou institucionais, que analizaban a historia de leis, institucións, costumes, privilexios, sistemas monetarios ou pesos e medidas (ben na Roma clásica, entre os antigos hebreos, ben nos diferentes reinos da Europa medieval); as *antigüidades* xenealóxicas, que disertaban sobre as liñaxes da nobreza dun determinado lugar; en fin, outros aspectos das sociedades do pasado que ficaban abranguidos polas *antigüidades* militares, as cronolóxicas, as funerarias, as relixiosas e mitolóxicas, etc.

En resumo, poderíamos cualificar ao anticuario como aquel erudito que investigaba unha ampla franxa da historia da humanidade -dende as súas orixes ata o principiar da idade moderna co Renacemento- e que consideraba as cuestións máis diversas dentro da mesma: cronoloxías, migracións, fundacións de reinos e cidades, relixións, linguas, costumes e xeitos de vida, economía e política, cultura material, leis e institucións, xenealoxías... Un autor actual -estudioso do mundo dos anticuarios na Gran Bretaña do

século XVII- ten designado as *antigüidades* como o eido de investigación dedicado ás orixes (cf. Parry, 1995). O cal non deixa de ser certo se temos en conta que os anticuarios se ocupaban das orixes das civilizacións e de todos os elementos que estas incluían (ciudades e familias, linguas e cultura material, rituais e crenzas, leis e institucións, etc.); mais non só das orixes, senón tamén das evolucións deses elementos a través do tempo (3).

A motivación do anticuario era a de coñecer mellor o pasado. É certo que en ocasións a súa estimanza polos obxectos materiais procedentes de vellas culturas non era allea ao pracer estético que obtiña ollándoos e posuíndoos. Pero tamén é verdade que o auténtico anticuario era aquel que usaba eses obxectos para comprender as sociedades desaparecidas ás que noutrora pertencían. En caso contrario, o simple coleccionista era un afeccionado, mal considerado polos verdadeiros anticuarios.

O anticuario, xa que logo, debía descubrir o que acontecera nos tempos pasados. Neste sentido era un historiador. E sen embargo, o anticuario e mailo historiador representaban dúas perspectivas distintas verbo do estudio do pasado.

Entre un e outro erguíanse dúas diferencias fundamentais. A primeira delas referíase ao xeito de se achegaren ao pasado. No entanto o historiador cinguíase case exclusivamente aos acontecementos “políticos” do pasado (dinastías, guerras, tratados, etc.); o anticuario pretendía abranguer coas súas pescudas a totalidade dos fenómenos das sociedades do pasado: por suposto a política, mais igualmente a economía, a relixión, a lingua, as prácticas militares ou os costumes funerarios. A segunda tiña que ver coas fontes de información e coa metodoloxía empregadas. O historiador usaba como fontes unicamente os textos literarios (historias, anais, crónicas ou descrições deixadas por autores do pasado); cando o anticuario tiraba partido dunha meirande cantidade e variedade de informacións. O anticuario tiña en conta, por suposto, os escritores da Antigüidade clásica e da época medieval, mais combináboas con outros datos que tiraba do exame de antigas inscricións e moedas; de estatuas, monumentos e ruínas; de documentos obtidos en arquivos oficiais (cartas, diplomas, actas, privilexios, informes, leis, etc.); de idiomas xa desaparecidos, ou da toponimia; dos costumes populares ou de lendas e tradicións. A combinación de todas esas fontes, así como a maior ou menor utilización dunhas en relación a outras, dependía en grande medida da época histórica e da temática que o anticuario se dispuña a considerar.

A historia meramente “política” do historiador e a diversidade das *antigüidades* que preocupaban ao anticuario derivaban de dúas tradicións eruditas que xa aparecían diferenciadas na Grecia e na Roma clásicas. A primeira proviña da concepción e da práctica da Historia que foran establecidas por autores como Tucídides, Xenofonte, Tito Livio ou Tácito. As segundas, da *archaiologia* grega e das *antiquitates* romanas -das que derivaba o seu nome-, as cales tiveran o seu principal expoñente, e modelo para todos os futuros anticuarios, en Marco Terencio Varrón.

Porén, o precursor inmediato das *antigüidades* do século XVIII foi o humanismo renacentista que xurdiu en Italia a finais do século XIV, con autores como Petrarca e Boccaccio, e que supuxo un crecente interese pola recuperación das civilizacións clásicas, moi especialmente a da antiga Roma. Nas dúas centurias seguintes, os anticuarios italianos estudiosos das *antigüidades* romanas -Flavio Biondo, Pomponio Leto, Onofrio Panvinio, Enea Silvio e un longo ronsel de investigadores do pasado- puxeron os alicerces dunhas *antiquitates* concibidas consonte o modelo varroniano, aínda que provistas agora dos novos métodos de estudio instituídos pola erudición humanista: volta ás fontes orixinais; análise lingüística e crítica textual; emprego dos vestixios materiais do pasado (nomeadamente moedas e inscricións) como provedores de informacións históricas complementarias dos textos.

Se ben nun comezo as *antigüidades* se cingiron case exclusivamente ás *antigüidades* romanas -por algo eran un produto do método varroniano e do Renacemento italiano-, non obstante o espallamento deste tipo de investigacións por toda Europa a partir do século XV axiña trouxo consigo que a aplicación dos seus métodos se ampliase a novas culturas do pasado e a novas cuestións históricas. Foi así como xurdiron as *antigüidades* de cada reino europeo, as *antigüidades* hebraicas e orientais, as *antigüidades* eclesiásticas e medievais, etc.

Finalmente, cómpre salientar que o século XVIII foi un momento paradoxal para a fortuna das *antigüidades* dentro dos círculos eruditos europeos. Por unha banda, o prestixio dos métodos e das fontes de información que utilizaba o anticuario medrara e fortalecérase grandemente entre os eruditos, pois coidábase que permitían afrontar con meirande posibilidade de éxito as moitas dificultades que xurdían á hora de tentar reconstruír o pasado; e asemade constituían unha defensa efectiva contra todo tipo de falsificacións e de lendas pseudohistóricas que “lixaban” e empecían o coñecemento histórico. Mais, por outra banda, a figura do anticuario axiña había de entrar en crise e en devalo por mor da evolución das mentalidades -a derrota dos Antigos fronte aos Modernos saldouse igualmente coa derrota do anticuario, senlleiro representante dos primeiros-, e polas duras críticas que contra ela arrebolaron os “filósofos”, quen vían no anticuario a personificación dunha erudición inútil e pasada de moda.

Con todo, os anticuarios non desaparecerán co século XVIII, por máis que as *antigüidades* experimentaron dende entón fondas e decisivas transformacións que provocaron a progresiva fragmentación e diversificación dos seus métodos e obxectos de estudio, dando lugar durante a centuria seguinte a distintas disciplinas que medraron a partir do mesmo “berce” común das *antigüidades*: filoloxía, arqueoloxía, epigrafía, numismática, paleografía, mitografía, etnoloxía e *folklore*, prehistoria ou historia antiga.

Chegando xa ao final desta breve introducción ao mundo dos anticuarios e das *antigüidades*, podemos regresar agora ao persoeiro protagonista deste artigo e preguntármolos: visto o que se dixo nas páxinas precedentes verbo de quen é un anticuario, ¿é posi-

ble ou axeitado concibir a Sarmiento como tal? Eu afirmo que si. Sarmiento, entre outras moitas das súas facianas de erudito, foi un anticuario, e ademais un dos máis sobranceiros anticuarios españois do seu tempo.

Sarmiento actuaba como anticuario cando examinaba as *antigüidades* de Galicia: o pasado pre-romano e romano, así como os tempos medievais. Para iso utilizaba as fontes e os métodos que viñan sendo propios dos anticuarios europeos dende o século XV (e que, á derradeira, derivaban da *archaiologia* grega e das *antiquitates* romanas).

Que Sarmiento coñecía boa parte da tradición “anticuarista” europea amósao a grande cantidade de obras que sobre os temas propios das *antigüidades* incluía a súa biblioteca. No *Catálogo de Autores* dos que posuía libros, Sarmiento insería o epígrafe “*Inscriptiones, Medallas y Antigüedades*”, dentro do cal se incluían 153 obras, entre as que se contaban os quince volumes da famosa *L’Antiquité expliquée et représentée en figures* do bieito Bernard de Montfaucon; os primeiros volumes do *Recueil d’antiquités* do Conde Caylus; os libros consagrados ás escavacións da cidade romana de Herculano; ademais dunha mancha de escritos de anticuarios italianos, franceses, españois ou portugueses. A estes había que engadir moitos máis libros de temática anticuaria que estaban incluídos baixo diferentes categorías: manuais de mitoloxía; investigacións sobre os xeroglifos exipcios; *antigüidades* eclesiásticas (entre as que salientaban as obras dos monxes bieitos de Saint-Maur, congregación parisina famosa polos seus traballos eruditos e á cal pertencían autores de tanta sona como *dom* Jean Mabillon ou *dom* Bernard de Montfaucon); estudos de cronoloxía e de concordancias bíblicas; *antigüidades* hebraicas e orientais; *antigüidades* de Gran Bretaña, Alemaña, Francia e dos países escandinavos, representadas por autores como William Camden, Philip Cluverius, Étienne Pasquier, Claude Fauchet, Paolo Emilio ou Olao Magno.

E noutro dos seus escritos recomendaba como “*libros muy curiosos y selectos*” para a biblioteca dun particular algúns dos fitos senlleiros da literatura das *antiquitates*: as *Inscriptiones antiquae totius orbis Romani* de Ianus Gruterius; os doce volumes do *Thesaurus antiquitatum Romanorum* de Johannes Graevius; o *Thesaurus Graecarum antiquitatum* de Johannes F. Gronovius; *De re diplomatica* de Jean Mabillon; o *Glossarium archaeologicum* de Henry Spelman; os traballos de Jacques Spon sobre epigrafía e os de Ezechiel Spanheim sobre numismática; o libro de Nicolas Bergier acerca das vías romanas; todas as obras de *dom* Montfaucon; o estudo das inscricións gregas dos Mármores de Paros, etc. Fica, pois, demostrada a estima que sentía frei Martín polo amplo eido das *antigüidades*, así como a familiaridade cunha parte considerable da produción erudita sobre o tema que fora redixida entre os séculos XV e XVIII. Polo tanto, non hai dúbida de que as súas actividades como anticuario se alicerzaban con firmeza na literatura dispoñible por entón.

Nos seguintes apartados ollaremos con meirande atención aqueles trazos máis salientables do seu labor como anticuario: primeiro as achegas ás *antigüidades* galegas; despois

a metodoloxía e as fontes de información que empregaba para o coñecemento do pasado galego. Con todo, é preciso sinalar que neste artigo soamente me ocupo daqueles aspectos do Sarmiento anticuario que se cinguen ás *antigüidades* romanas e pre-romanas de Galicia, deixando á parte outras mostras da súa actividade como tal, como era por exemplo a preocupación por esculcar na historia medieval galega a través de inscricións e de documentos (o cal, non esquezamos, formaba parte das angueiras habituais dos anticuarios).

2. ¿Que estudia o anticuario?

Como xa dixen antes, o anticuario estudiaba as *antigüidades*. No caso de frei Martín Sarmiento, as súas actividades e reflexións como anticuario centráronse principalmente (aínda que non en exclusiva) nas *antigüidades* galegas, un eido de investigación histórica que abranguía varias cuestións: dende determinar quén foran os primeiros poboadores de Galicia, ata considerar os acontecementos e as institucións da Galicia medieval. Por suposto que tamén se interesaba polo traballo dos anticuarios europeos e españois do seu tempo e das épocas precedentes. E o seu amplo saber nestes temas reflectíase no tratamento das *antigüidades* galegas, que foi claramente superior ao de moitos dos contemporáneos e predecesores.

Antes de entrar de cheo a examinar o tratamento das *antigüidades* galegas por parte de Sarmiento, convén facer un rápido percorrido polo estado destas na época inmediatamente anterior aos escritos do bieito, para así podermos valorar con maior exactitude cales foron as achegas que el ofreceu en relación ao coñecemento do pasado máis recuado de Galicia.

A imaxe da antiga historia de Galicia -é dicir, o período que incluía dende os primeiros poboadores ata a fin da dominación romana e a chegada das invasións xermánicas- que estaba presente na historiografía galega do século XVII baseábase en grande medida nas obras dos historiadores e anticuarios hispánicos das dúas centurias precedentes (nomeadamente Joan de Margarit, Florián de Ocampo, Ambrosio de Morales e Juan de Mariana), por máis que contiña tamén elementos propios. A grandes trazos esa historia presentábase da maneira seguinte. A historia de Galicia comezaba despois do Diluvio Universal, cando chegaron ás terras galegas os que serían os primeiros habitantes do país, identificados sempre como descendentes directos de Noé. As discusións atinxían a cuestión de se o “fundador” da poboación galega fora Gomer ou Túbal -dous dos fillos de Iafet, fillo de Noé-, ou ben se era certo que o propio Noé aportara a Galicia e fundara poboacións no seu territorio (por exemplo, a vila de Noia). Os primeiros poboadores de Galicia imaxinábanse gozando dunha existencia sinxela e auténtica, pois conservaran a relixión e os costumes herdados de Noé e dos patriarcas bíblicos antediluvianos. Seguidamente, a historia do país concibíase como unha sucesión de diferentes vagas de poboamentos chegados dende o exterior e que introducían novos xeitos de vida,

novas crenzas e novos costumes, o cal se pensaba tiña por resultado a corrupción do estilo de vida “puro” que ata daquela levaran os primeiros habitantes, e moi especialmente implicaba a introducción da idolatría que estragaba o monoteísmo primitivo practicado polos descendentes de Noé. Gregos, celtas, exipcios, iberos, cartaxineses, e finalmente os romanos, sinalábanse como os responsables das transformacións efectuadas no decurso do tempo, case sempre non desexadas.

Esta historia incluía tamén unha serie de míticos monarcas, fundadores de cidades ou conquistadores de novas terras. Figuras que tiñan como funcionalidade principal a de amosar o poder e mailo esplendor de Galicia nos tempos máis recuados da súa existencia; algo que era lóxico nunha historiografía sempre pendente de salientar as “glorias” do reino (*cf.* Barreiro Fernández, 1988). Algúns deses monarcas fabulosos posuían unha longa tradición, pois proviñan da historiografía hispánica medieval e da mitoloxía clásica; era o caso de Hércules e de Xerión. Outros eran de orixe máis recente, adaptacións realizadas pola historiografía galega dalgúns dos reis hispánicos inventados a finais do século XV polo monxe italiano Annio de Viterbo; foi o caso de Brigo, a miúdo convertido no fundador de Brigantia (A Coruña ou Betanzos). Por último, outros procedían de vellas lendas irlandesas e escocesas, como o mítico rei Gatelo e súa liñaxe de monarcas galegos conquistadores da illa de Irlanda (*cf.* Pereira González, 2002).

Despois da guerra de Troia numerosos gregos entraban en Galicia e fundaban diversas poboacións. Esa noticia estaba xa contida nos textos clásicos, mais foron os anticuarios hispánicos dos séculos XVI e XVII os que se esforzaron por determinar cáles das poboacións galegas actuais eran de ascendencia grega. En xeral, coidábase que Diomedes fundara Tyde/Tui; Amphilocos, a cidade de Amphiloquía/Ourense; e Teucro, Helenes/Pontevedra. Máis tarde os romanos conquistaban definitivamente o territorio galego, despois de moitos esforzos, logo da derradeira batalla no Monte Medulio. Fundaban novas poboacións, construían vías de comunicación e tiraban partido da riqueza metálica acubillada nos montes galegos. A poboación sometida participaba activamente nas lexións imperiais, gañando importantes vitorias para Roma; e mesmo Galicia aparecía como o berce de importantes persoeiros romanos: o poeta Marcial ou os emperadores Traxano, Constantino e Teodosio.

Finalmente, o apóstolo Santiago introducía o cristianismo en Galicia, que se convertía así na primeira terra de Occidente en recibir e adoptar a fe cristiá. En diante os galegos pasaban a ser os máis firmes valedores da relixión, como amosaba o longo roncel de santos e mártires de orixe galaica ou a posterior intervención masiva na Reconquista contra os musulmáns.

Esta era a imaxe da antiga historia de Galicia que se albiscaba, con variantes entre uns e outros, nos escritores do século XVII: Prudencio de Sandoval, Mauro Castellá Ferrer, Joseph de Bugarín, Felipe Gándara e Ulloa, os irmáns Boán, Benito Vázquez, Juan Álvarez Soutelo, etc.

Sobre este pano de fondo da historiografía do século XVII desenvolvíanse as opinións de Sarmiento acerca do pasado galego que de seguido pasarei a examinar. Antes debe terse en conta que frei Martín non dedicou ás *antigüidades* galegas ningún traballo amplo e que abranguese todos eses temas. En troques, as súas achegas foron sempre puntuais ou ben atópanse salferidas no interior doutros traballos de temáticas diversas e están vencelladas con outras das súas constantes teimas (Historia Natural, lingüística, xeografía). Igualmente hai que sinalar que non todas as opinións que mantivo foron elaboradas en igual medida (por exemplo, el reservaba unha especial atención á xeografía antiga de Galicia), e que algunhas das ideas evolucionaron no decurso do tempo. Nas páxinas que seguen revélanse as principais opinións de Sarmiento acerca da antiga historia de Galicia, recollidas en moitos dos seus escritos.

Primeiros Poboadores

Sarmiento refugaba as opinións dos autores precedentes, que fixeran de Noé, Túbal ou Gomer os primeiros habitantes de Galicia. El negouse a especular sobre se Noia fora fundada polo patriarca Noé, ou sobre se o seu neto Gomer deixara as pegadas do seu nome en Gondomar e en Gomariz.

Verbo desta cuestión optou por adoptar unha postura prudente. Aseguraba que era inútil especular acerca de épocas tan antigas e escuras. Por suposto que Sarmiento non tiña unha concepción da grande antigüidade da terra e do ser humano como a que temos hoxe. El coidaba que tanto a terra coma a humanidade non tiñan unha antigüidade superior a cinco mil ou seis mil anos. Tamén cría que a orixe e os primeiros pasos da humanidade eran tal e como a Biblia contara: Adán e Eva, Noé e o Diluvio Universal, a Torre de Babel e a división de linguas e de pobos, etc. Porén, como a Biblia nada dicía sobre o poboamento da Península Ibérica e de Galicia, e como as Escrituras eran a fonte de información máis antiga e a única certa e fiable para dar conta deses primeiros tempos, a conclusión á que chegaba Sarmiento era que nada se podía coñecer dos primitivos poboadores do país (agás que mediase unha nova revelación divina, cousa moi improbable). Era tan imposible saber acerca deles como adiviñar o futuro.

O único que se podía afirmar con certeza era que os primeiros habitantes de Galicia descendían de Noé, ao igual có resto da humanidade. Aqueles outros interrogantes -¿cando entraron en Galicia?, ¿por onde entraron?, ¿tiñan reis?, ¿que lingua falaban?, ¿que tipo de relixión practicaban?...- que tantos autores antes ca el se esforzaran por resolver, ficaban sen resposta posible.

O máis lonxe que se permitiu especular frei Martín verbo desta cuestión foi ao concibir a existencia dunha primeira poboación chegada dende Oriente e asentada nas terras galegas nunha data indeterminada, mais sen dúbida anterior á vinda de gregos, fenicios e celtas. Admitindo como posible esta poboación inicial de ascendencia oriental, era probable que na lingua e na toponimia galegas se achasen aínda algunhas pegadas de nomes "*orientales o primitivos*" (como os cualificaba no seu *Onomástico* etimolóxi-

co da lingua galega), que quizais resultasen ser os restos da lingua “*antiquísima*” dos primeiros habitantes de Galicia. Xa contra finais da súa vida, no derradeiro traballo lingüístico -o *Discurso apologetico sobre Etimologías*-, identificou algúns deses nomes moi antigos que el coidaba de procedencia oriental, a partir dos cales supuxo que as primitivas xentes do país foran os exipcio-cananeos que entraran na Península Ibérica dirixidos por Hércules Libio e que co tempo se desprazaran ata territorio galego.

Ata aquí chegaba a prudencia de Sarmiento. Unha postura en verdade moderada se a comparamos coa *España Primitiva* (1738) de Francisco Xavier de la Huerta y Vega, co seu listado de reis fabulosos e as andrómenas acerca da Atlántida; ou con *Galicia Reyno de Christo Sacramentado* (1750) do xesuíta Paschasio de Seguín, quen seguía fiel aos relatos sobre os poboamentos en Galicia de Noé, Gomer e Túbal. Polo demais, Sarmiento esmagou co desprezo do silencio aos monarcas míticos de Galicia que foran habituais na historiografía do XVII -Hércules e Xerión, Brigo, Gatelo- asemade se mantivo sempre como un teimudo e enérxico inimigo das fábulas de Anno de Viterbo e dos “falsos cronicóns” que inzaran nas Historias de España a centuria precedente, e que nos días de Sarmiento aínda facían notar os seus efectos. De aí que criticase con dureza a Huerta por argallar a *España Primitiva* a partir da falsa crónica de “Pedro Cesaraugustano”, forxada por Joseph Pellicer de Ossau.

Gregos

Outro motivo de desacordo con Huerta era que este negara que os gregos -Teucro, Amphiloco, Diomedes, e as súas xentes- se tivesen establecido en Galicia e fundado varios lugares de poboación. Defendendo esta opinión negativa, Huerta camiñaba ás avesas do resto dos autores que viñan escribindo sobre as *antigüidades* de Galicia dende finais do século XV, e mesmo se puña na contra de autores antigos como Estrabón, Plinio ou Xustino, que falaran da chegada daqueles heroes helénicos ás costas galegas. Neste caso Sarmiento saíu en defensa da tradición historiográfica maioritaria, que situaba en Galicia varias colonias gregas, non porque se fiase dos anticuarios que o precederan -que non o facía-, senón porque coidaba que para apoiala había noticias aceptables que foran transmitidas polas fontes clásicas. Na súa opinión, os gregos viñeran a Galicia despois da guerra de Troia (que rematara no ano 1180 antes do nacemento de Cristo). Os seus poboamentos, que estaban constituídos por xentes como os Cilenos, os Grovios ou os Helenos (pobos da Gallæcia citados polos escritores greco-romanos), localizáronse nas rexións meridionais, nomeadamente nas partes costeiras entre as rías de Padrón e de Vigo. Ademais, o propio Diomedes fundou Tyde, actual Tui, e Teucro a antiga Helenes, hoxe Pontevedra, a cidade onde Sarmiento pasara os anos da infancia.

Datos lingüísticos viñan confirmar o que dixeran os escritores da Antigüidade. Antes da conquista romana falábase no actual territorio galego a lingua grega, ou varios dos seus dialectos, por mor dos diversos asentamentos helénicos salferidos polo sur do país.

Vestixios da mesma ficaban aínda na toponimia antiga e moderna: as illas Cassitérides, do grego *kassiteros*, estaño; a cidade de Lambriaca, de *lampira*, nobreza ou dignidade... Mesmo o idioma galego actual, por máis que derivase directamente do latín, amosaba no léxico e na fonética testemuños nidos do influxo helénico: a verba “peirao”, en relación á cal Sarmiento especulaba acerca dunha procedencia a partir de Pireo, o porto de Atenas; a grande abundancia de ditongos na lingua galega (*ou, ao, oi, ei...*), semellantes aos ditongos gregos; ou a distinción entre vocais abertas e pechadas (*e, o*), que era común no galego e nas falas dos helenos. Sendo os galegos dende sempre tan teimudos á hora de conservaren costumes e crenzas -razoaba no *Discurso apologetico*- non era de abraiar que no seu falar aínda perdurasen as “reliquias” dos “antiquísimos gregos”.

Aínda así, Sarmiento non se esforzaba moito por procurar etimoloxías helénicas -nin outras probas, como as arqueolóxicas- que demostrasen o ben fundado da súas opinións fronte ao escepticismo de Huerta. Co apoio das fontes clásicas e duns poucos testemuños lingüísticos el facía da presenza grega en Galicia un dos esteos centrais das *antigüidades* galegas. Sen dúbida, na defensa da mesma fronte a Huerta podemos albiscar o amor de Sarmiento pola súa terra de orixe, e moi especialmente pola Pontevedra familiar, á cal non dubidaba en dotar dunha orixe antiga e de prestixio (a Helenes fundada polo heroe Teucro).

Fenicios e cartaxineses

Tampouco non dubidaba en aceptar a presenza de fenicios e de cartaxineses nas costas galegas durante os tempos antigos, contemporáneos cos gregos e cos celtas. El coidaba que as xentes de Fenicia e de Cartago a miúdo navegaran ata as nosas costas na procura da riqueza dos metais galaicos (especialmente o estaño) que se agochaban no interior do país, e que os arteiros mercadores orientais obtiñan mediante o troco cos indíxenas a cambio de quincalla e doutros obxectos de escaso valor.

Mais unha vez, os autores da Antigüidade clásica que escribían sobre a Gallæcia fornecían a Sarmiento dun punto de apoio para defender a realidade histórica das actividades comerciais destes dous pobos navegantes nas augas de Galicia. E de novo el cría atopar probas lingüísticas que confirmaban os textos antigos. Así, inspirándose nas etimoloxías fenicio-hebreas do francés Samuel Bochart -quen no século XVII escribira os dous grosos volumes da *Geographia Sacra* para demostrar que o espallamento dos descendentes de Noé por toda Europa, e posteriormente o dos fenicios, podían probarse grazas ás pegadas que as linguas hebrea e fenicia deixaran en todas as terras do continente-, o bieito galego tamén esculcou en busca de verbas fenicio-púnicas na toponimia galega. E atopounas: a illa de Ons, antiga Aunios, nome que derivaba do púnico *aunac* (que Bochart interpretara como “estaño”, o que se axeitaba ben as conxecturas de Sarmiento acerca das actividades comerciais dos mercadores do Mediterráneo); Belón, nome antigo do río Limia e semellante ao do río Belo ou Belón da Fenicia; o nome das

illas Cíes, as Cicas das fontes clásicas, que proviña do fenicio *cicynoth* ou “enseada das fontes” (outra etimoloxía que estaba inspirada por Bochart)... Porén, o propio Sarmiento non se amosaba completamente satisfeito con estas explicacións etimolóxicas conxecturais e advertía que non facía senón “xogar” coas palabras, seguindo os métodos e as especulacións de Samuel Bochart. Como noutras ocasións, deixaba claro que o fío das súas “divagacións” etimolóxicas non implicaba necesariamente unhas hipóteses históricas serias.

Nembargantes, malia esas advertencias, non é menos certo que Sarmiento sempre tivo como certas as navegacións comerciais de fenicios e cartaxineses polas costas galegas. Nisto seguía en parte a tradición historiográfica anterior, que xa dende o século XVI, con Florián de Ocampo, localizara as viaxes do cartaxinés Hilmicon polas augas de Galicia. Aínda que tamén anunciaba o particular interese que a historiografía galega do XIX sentirá pola presenza fenicio-púnica no país. Por exemplo, semella que foi Sarmiento o primeiro en procurar nos topónimos galegos verbas de ascendencia fenicia ou cartaxinesa (algo que será moi habitual nos historiadores decimonónicos); ou en atribuír unha orixe oriental, e polo tanto anterior aos romanos, a certas construcións supostamente moi antigas, como o faro da Lanzada (atribución que máis tarde se converterá nunha especial teima para autores como Manuel Murguía).

Celtas

Do mesmo xeito, é posible concibirmos a Sarmiento como unha ponte entre a “prehistoria” do Celtismo galego -propia da historiografía anterior ao XVIII- e o medre espectacular que este experimentou durante o século XIX, convertido xa por entón na peza central da historia e da identidade galegas. Tendo en conta que foi el quen no século XVIII concedeu unha meirande atención aos antigos celtas habitantes de Galicia, e que asemade presentou en xermolo teorías e achegamentos ausentes nos anticuarios que o precederan mais que acharemos desenvolvidos nos celtistas do XIX, non creo trabucarme se cualifico a Sarmiento de verdadeiro “precursor” do Celtismo galego. E isto a pesar de que a súa influencia no desenvolvemento do mesmo é dubidosa, pois moito do que escribiu verbo dos celtas ficou sen publicar e foi escasamente coñecido por contemporáneos e sucesores. Sen embargo, é polo carácter de “precursor” que me deterei máis polo miúdo nas súas opinións.

En numerosas ocasións, nos escritos máis diversos, Sarmiento sinalou aos celtas como habitantes da Galicia pre-romana, a carón dos gregos e dos poboadores orixinais do país. Os celtas das Galias entraron na Península Ibérica cruzando os montes Pireneos e no centro da mesma xuntáronse cos iberos, dando lugar ao pobo dos celtiberos. Finalmente, algunhas desas xentes celtas chegaron ata o noroeste peninsular, onde se asentaron dando lugar a diferentes agrupacións -Célticos, celtas Nerios, celtas Præsamarcos, Ártabros ou Arotrebas, etc.- que se localizaban nas rexións setentrionais do

territorio (principalmente entre Fisterra e Viveiro). Esta era a cerna do relato histórico co cal daba conta da presenza dos celtas en Galicia. Con todo, non era novidade, pois Sarmiento seguía a historiografía peninsular anterior e, por suposto, baseábase naquelas fontes greco-romanas que falaban de certos pobos célticos asentados nas terras galaicas (en Estrabón, Plinio ou Pomponio Mela).

Moito máis novidade era a procura de elementos célticos na toponimia galega, algo que non fixeran os seus predecesores e que sen dúbida obedecía a un continuo interese pola lingüística. Por medio das *supervivencias* lingüísticas dos antigos celtas el pretendía confirmar a presenza dos mesmos no territorio galego. E así, nomes de lugar como Dubra, Lambre, Cambre, Tiobre, Fiobre ou Barallobre, informaban ao atento anticuario do paso dos celtas por esas terras. Pero ademais, gracias a unha interpretación atenta da toponimia, o anticuario sería quen nalgúns casos de dexergar e de determinar os límites territoriais de agrupamentos concretos dos celtas. Por exemplo, nos límites do arciprestado compostelán de Postomarcos el cría atopar un testemuño serodio do territorio dos antigos celtas Præsamarcos, que precisamente deixaran o seu nome na toponimia posterior; e o mesmo acontecía co arciprestado de Céltigos, que fora na Antigüidade o territorio da agrupación dos Célticos. Outros pobos que Sarmiento identificou como celtas -malia que nin as fontes clásicas, nin a historiografía anterior fixeran tal- deixaran igualmente os seus nomes na xeografía da nosa terra e así daban conta dos asentamentos orixinais: os Nemetes en Nendos, os Tiburos en Tribes, os Carnotenses en Carnota, os Brigantes en Bergantiños, etc. Ademais, apelacións tribais como as de Carnotanos, Centrones ou Nemetanos aparecían tamén na Galia, o berce deses pobos celtas.

Na arela por descubrir vestixios lingüísticos dos celtas non se limitou á toponimia senón que se interesou igualmente polo que hoxe chamariamos o “substrato céltico” do idioma galego, adiantando así, máis unha vez, enfoques que logo serían habituais entre os celtistas decimonónicos. Se ben non se ocupou desta cuestión de maneira detallada e sistemática -admitindo un coñecemento insuficiente das linguas celtas-, hoxe podemos atopar, espaxadas polos seus escritos lingüísticos, curiosas observacións acerca da posible ascendencia céltica de certas palabras galegas: laverca, biqueira, britar, maragota, xistra, braña... Incluso foi el o precursor dunha idea moi querida polos escritores galegos do XIX: a orixe celta da gaita, o instrumento musical que se convertería nun símbolo da cultura galega.

Co tempo Sarmiento desenvolveu unha teoría máis complexa sobre a presenza celta en Galicia, a cal incluía non unha única irrupción dos celtas no territorio galego (como se recollía na historiografía anterior), senón catro vagas migratorias diferentes. Ese esquema migratorio aparecía na *Obra de 660 pliegos* e pode resumirse deste xeito. Unha primeira migración -que el non situaba cronoloxicamente- que levara aos celtas das illas británicas a se instalaren en Galicia e por toda a costa setentrional da península. Dela ficaban como probas certas semellanzas toponímicas entre Galicia e Gran Bretaña: por

exemplo, a illa Silura na Galicia (a actual Sálvora) e o antigo pobo dos Siluros de Britania; ou o río Dubra na primeira e o *Portus Dubris* (Dover) na segunda. Unha segunda migración, de celtas procedentes das Galias -aquela que consignaran as fontes clásicas e recolleran os autores dos séculos XVI e XVII-, que estaba testemuñada polos escritores da Antigüidade e mailas semellanzas entre os vestixios das linguas celtas da Galia e de Galicia. E por último dúas migracións de pobos celtas acontecidas xa en tempos plenamente “históricos”: primeiro a dos suevos e despois a dos godos. Como consecuencia destes movementos de poboación que resultaban sempre nun mesmo destino final, Sarmiento concluía que Galicia foi sempre o remate das distintas “transmigracións” dos celtas.

Aínda que hoxe nos pareza estraño, e erróneo, incluír a suevos e godos dentro dos pobos celtas, porén cómpre entender as opinións de Sarmiento dentro das teorías acerca dos celtas que eran frecuentes nos seus días. Numerosos investigadores das linguas e das culturas antigas -nomeadamente alemáns- coidaban entón que os celtas e os xermanos da Antigüidade formaran parte dun mesmo pobo, que posuíran idéntica orixe, modos de vida semellantes e unha mesma lingua dividida en varios dialectos. Xa que logo, non era raro que eses eruditos procurasen demostrar os vencellos que existían entre as falas célticas (antigo galo, bretón e galés actuais) e as linguas xermánicas do pasado e do presente (4). Exemplo desta postura eran as teses do filósofo e lingüista alemán Gottfried W. Leibniz. Precisamente Sarmiento citaba os traballos lingüísticos de Leibniz, recollidos nas *Collectanea Etymologica* (que Sarmiento posuía), a prol desa unidade celtoxermana. Por iso el tamén abranguía baixo a categoría de celtas a todos os antigos poboadores da Europa setentrional. “*Este nombre Celtas no solo significa los países de Francia [é dicir, as Galias], sino tambien á todo género de países Septentrionales, Scythas, Sármatas, Germanos, Britanos, Getas, y Cymbrios*”, dicía nas páxinas das *Memorias para la Historia de la Poesía, y Poetas españoles*.

É de salientar que o achegamento de Sarmiento á cuestión do poboamento celta en Galicia facíase dende unha perspectiva en grande parte lingüística, como tamén eran lingüísticos os testemuños que presentaba a prol das súas opinións, así como o obxectivo fundamental das súas investigacións: a saber, sinalar as achegas da lingua celta ao idioma galego. El calculaba que de cen palabras galegas, noventa derivaban do latín e as dez restantes tiñan unha procedencia céltica, calquera que for a época na que se introduciron en Galicia. Neste sentido, gracias á hipótese das sucesivas migracións celtas, abríase un amplo eido de investigación lingüística para o anticuario, quen debería individualizar dentro do “substrato céltico” as palabras que pertencían ás diferentes camadas lingüísticas correspondentes a cada un dos movementos migratorios dos celtas (labor que Sarmiento deixou unicamente apuntado). Para iso cumpría axudarse dos dicionarios, gramáticas e glosarios que existían para as linguas, antigas e modernas, da Europa setentrional.

Sen embargo, a pesar do visible interese polos antigos habitantes celtas do país e por traxer as pegadas lingüísticas que deles se conservaran, Sarmiento non considerou aos celtas como os únicos devanceiros do pobo galego, e nin sequera como os máis importantes. Neste punto reside a principal diferenza -esencial- entre el e os celtistas galegos do XIX, quen fixeron dos celtas a cerna da identidade galega. Pois frei Martín nunca dubidou que foi a civilización romana -de entre todas as da Antigüidade- a que deixou unha impresión máis fonda e duradeira na configuración de Galicia como país diferenciado (comezando, claro está, polo idioma).

Dominación romana e orixes do cristianismo

O achegamento do bieito galego ás *antigüidades* romanas de Galicia estaba igualmente relacionado con algunhas das súas preocupacións permanentes: a lingüística, a xeografía e a combinación de ambas as dúas na toponimia. En efecto, a diferenza dos anticuarios que o precederan, Sarmiento non se limitou a repetir o que xa dixeran os autores greco-latinos verbo do proceso de conquista do territorio galaico por parte das lexións de Roma, nin a inventar novos episodios relacionados co mesmo. En troques, el interesouse polo estudio da xeografía antiga da Gallæcia romana: é dicir, coñecer o trazado que seguían as vías romanas e as distancias que había entre as sucesivas etapas do seu percorrido; así como determinar a localización actual dos antigos lugares de poboación, ou das “mansións” situadas ao longo dos camiños, que aparecían citados nas fontes clásicas (5).

Para levar a cabo ese estudio tivo que combinar unha análise polo miúdo dos textos antigos; a observación da topografía e da toponimia (non só a actual, senón tamén a medieval, a cal el coñecía a través dos documentos medievais que tanto gustaba de ler); e o uso de inscricións romanas descubertas en Galicia, nomeadamente dos “miliarios” que indicaban as distancias existentes entre as localidades principais unidas polas estradas que construíran os romanos. Esta metodoloxía non era unha novidade no eido das *antigüidades* españolas e galegas. Xa no século XVI Ambrosio de Morales establecera os métodos básicos para a investigación da xeografía antiga peninsular, mediante esa mesma combinación de textos, topografía, toponimia e restos arqueolóxicos. Do mesmo xeito, na historiografía galega do XVII foron frecuentes as identificacións das poboacións antigas coas actuais, e incluso o emprego de inscricións romanas con ese e con outros obxectivos estaba presente en certos escritores.

E sen embargo, dentro das *antigüidades* galegas, as novidades que introduciu Sarmiento neste campo de investigacións anticuarias foron considerables por varios motivos. Primeiro, porque fixo da xeografía antiga un elemento central da antiga historia de Galicia (algo que despois continuaría Joseph Cornide). Segundo, porque achegou unha indiscutible calidade e superioridade intelectual, gracias a unha ampla familiaridade cos diversos aspectos das *antigüidades* romanas (textos, epigrafía, numismática, construción das vías) e ao detallado coñecemento da xeografía e da lingua galegas. E terceiro, por-

que foi el quen verdadeiramente puxo en práctica esa metodoloxía destinada ao estudio da xeografía antiga de Galicia, aproveitando para iso a información que fora recollendo nas dúas viaxes por terras galegas nos anos 1745 e 1754: datos topográficos, topónimos actuais e medievais, inscricións, restos de vías romanas, pontes e vestixios de poboacións antigas, etc.

Longo sería de tratar aquí os resultados desas pescudas, pois os seus escritos están atei-gados de reflexións acerca da xeografía antiga de Galicia. Abonda con dicir que el concibía este eido de estudio como unha peza importante dentro do proxecto de realizar unha completa e exacta descrición xeográfica de Galicia, a cal debía incluír non só a topografía e a toponimia, senón tamén a Historia Natural e as *antigüidades*, como se puña de manifesto no *Problema Chorográfico para describir a Galicia con un nuevo método*. Neste sentido, os coñecementos directos adquiridos sobre o terreo -da topografía, da lingua, das plantas ou dos restos materiais do pasado- eran o requisito primordial para acadar unha certa noción da xeografía antiga e da actual. De aí que se amosase tan crítico cos resultados dos predecesores, especialmente co que fora cronista do reino de Galicia, Huerta y Vega, a quen acusaba de descoñecer o idioma galego, a topografía e maila toponimia do país (é dicir, as bases esenciais para poder examinar con éxito a xeografía antiga).

Canto á postura de frei Martín Sarmiento verbo da orixe do cristianismo en Galicia -cuestión esencial das *antigüidades* galegas-, sinalar soamente que sobre ela pouco quixo dicir, sen dúbida como reacción en contra das fábulas que aínda nos seus días inzaban nas *antigüidades* eclesiásticas hispánicas como resultado de antigas tradicións e dos máis recentes “falsos cronicóns”. Sen dúbida el admitía como un feito histórico certo a predicación do apóstolo Santiago na Península, así como a presenza do corpo santo en Compostela, respectando así a tradición secular. Porén, non admitía moitas das lendas relixiosas acerca de santos e de mártires galegos que achaban un lugar senlleiro nas Historias de Galicia dos autores anteriores e mesmo nas dos contemporáneos. Na súa opinión, Galicia tivo moi poucos mártires, xa que a penas sufriu as persecucións contra os cristiáns dado a posición arredada que ocupaba dentro do Imperio romano.

Como despois fixo Henrique Flórez, Sarmiento estaba disposto a admitir as tradicións relixiosas que el coidaba máis seguras e venerables -como a do apóstolo Santiago- asemade refugaba aquelas baseadas en falsidades aparentes e nos “falsos cronicóns”. Polo demais, este achegamento crítico ás *antigüidades* eclesiásticas galegas inspirábase no labor “purificador” das lendas relixiosas que encetaran os bieitos de Saint-Maur con base nunha observación minuciosa das fontes auténticas (método que con toda seguridade contaba coa aprobación do bieito galego).

Concluindo brevemente este apartado, pódese dicir que Sarmiento seguía en xeral o esquema das *antigüidades* galegas trazado durante as dúas centurias anteriores: a saber, os primeiros poboadores chegados dende Oriente e logo a sucesión de gregos, fenicios e cartaxineses, celtas e romanos. Se ben nalgúns casos -tan significativos como o dos primei-

ros poboadores e o dos reis míticos- el rexeitou a herdanza dos seus predecesores, noutras ocasións contribuíu a consolidala e a ampliala (caso da presenza en Galicia de gregos, celtas e fenicios).

3. ¿Como traballa o anticuario?

Máis interesante cás súas opinións acerca da antiga historia de Galicia eran os métodos de traballo do Sarmiento anticuario, porque neles se manifestan de xeito nido as diferenzas que verbo do estudio das *antigüidades* galegas existían entre frei Martín e aqueles que o precederan. No caso do bieito, tanto os amplísimos coñecementos, como o seu agudo enxeño e capacidade crítica, e sobre todo, a vontade de esculcar no pasado galego a partir das fontes orixinais e máis seguras, tivo como resultado que foi el o primeiro en artellar e en aplicar verdadeiramente un proxecto de investigación da historia antiga de Galicia, de enorme valor cando se considera dende a perspectiva actual. Sen embargo, tamén cómpre recoñecer que por razóns diversas -en especial porque outros eran os seus intereses principais (a Historia Natural e a lingüística)- non foi quen de levar adiante ese proxecto, do que só realizou unha pequena (pero importante) parte.

¿Cales eran as fontes de información e os métodos nos que se apoiaba Sarmiento á hora de estudar as *antigüidades* galegas e para acadar as opinións que vimos no apartado anterior?

En primeiro lugar -peza clave no labor de todo anticuario-, precisábase un coñecemento polo miúdo dos textos da Antigüidade clásica. Á parte da Biblia, os autores gregos e latinos eran as fontes escritas máis antigas ás que podían acudir os eruditos do Renacemento e da Ilustración, e xa que logo convertíanse en provedores de informacións fundamentais para coñecer a historia antiga, non só de Grecia e de Roma, senón tamén das outras terras europeas: os pobos e as tribos que as habitaran noutrora, e os seus xeitos de vida; as colonizacións gregas e fenicias; as loitas contra Roma e a paseniña incorporación ao Imperio de boa parte da Europa occidental e central. Para Sarmiento, a Biblia, Homero e Heródoto eran as fontes históricas máis antigas; logo estaban o resto dos escritores greco-romanos. Gracias a todas esas fontes era posible ter noticias dos tempos máis recuados da humanidade (ata tres mil ou catro mil anos antes do presente).

Sarmiento amosaba posuír unha ampla familiaridade cos textos clásicos, tanto con aqueles que facían referencia a Galicia e ao resto da península, como con todo o relativo aos diversos aspectos da historia e da civilización de Grecia e de Roma. El dispuña das diversas edicións modernas de Plinio, Estrabón, Ptolomeo, César, Mela, Tito Livio ou o “Itinerario de Antonino”, todos eles esenciais para saber da historia e da xeografía antigas. A eles engadíanse as lecturas dunha boa parte da literatura erudita sobre as *antigüidades* gregas e romanas: os traballos de Gruterius, Graevius, Spanheim, Gronovius, Bergier, Spon, Montfaucon, Caylus, e un longo ronsel de nomes hoxe esquecidos e que Sarmiento recollía no *Catálogo* de obras que posuía.

Mediante as fontes clásicas, Sarmiento -ao igual ca todos os anticuarios dende o século XV- obtiña informacións esenciais acerca das *antigüidades* galegas: a presenza en Galicia dos gregos e dos celtas; as navegacións de fenicios e cartaxineses polas costas galegas; o proceso da conquista romana; os nomes dos pobos que habitaban o territorio ao chegaren os romanos; a organización administrativa imposta por Roma; o trazado das vías de comunicación e a xeografía antiga. Polo tanto, os escritores da Antigüidade constituían para os anticuarios de entón o material indispensable para as súas angueiras, os alicerces a partir dos cales encetar as pescudas nos tempos antigos de calquera cidade, rexión ou reino de Europa. Por este motivo Sarmiento laiábase ás veces de que en España faltase aínda unha recompilación de todas as noticias contidas nos textos clásicos referidas a Hispania, semellante a aquela de que xa dispuñan os franceses en relación ás Galias. Noutra ocasión aseguraba que o coñecemento dos escritores antigos máis fiables e seguros era indispensable para poder eliminar das Historias de España as pegadas dos “falsos cronicóns” que el tanto desprezaba.

O uso das fontes clásicas ía parello á lectura dos autores medievais e modernos que trataran sobre as *antigüidades* hispánicas e galaicas: Afonso X, Rodrigo de Toledo, Margarit, Ocampo, Morales, Mariana, o licenciado Molina, Sandoval, Castellá, Gándara, Huerta... No manexo de todos eles Sarmiento recomendaba ter moita prudencia, por mor da multitude de erros que contiñan, quer por ignorancia, quer por intereses varios, quer por tiraren partido dos “falsos cronicóns”. En calquera caso, frei Martín aconsellaba sempre acudir ás fontes máis antigas -os textos clásicos- e aos documentos orixinais -inscricións, moedas, manuscritos, toponimia, vestixios arqueolóxicos- no intre de investigar as épocas máis recuadas da historia peninsular. E así, en relación coa xeografía antiga, aseguraba: *“Y desengañense los que para estos asuntos se valen de libros modernos, que todo lo que en ellos se dice no baya apoyado con libros antiguos, y con una analogía de las voces, ó es patraña fingida ó es necedad mal imaginada; ó es un error de cal y canto”* (6).

Porque os anticuarios, e Sarmiento non era nisto unha excepción, tiraban partido doutras fontes de información que combinaban cos textos clásicos e que servían para aclaralos e para completalos. Neste aspecto do seu labor residía a principal contribución dos anticuarios ao moderno método histórico. Un amplo abano de testemuños (materiais ou inmateriais) que proviñan directamente dun lonxincuo pasado formaban parte do material básico do anticuario para o estudo das *antigüidades* e servían para deitar novas luces que explicasen aquelas cuestións que se presentaban escuras ou incompletas nas fontes clásicas, ou ben que estaban simplemente ausentes. Ao longo das páxinas que Sarmiento dedicou a reflexionar sobre as *antigüidades* pódese dexergar como seguía o ronsel dos métodos que artellaran os anticuarios dende o século XV. Inscricións e moedas antigas; ruínas de edificios, restos de vías romanas e outros vestixios arqueolóxicos (monumentos megalíticos incluídos); a toponimia e a supervivencia de palabras proce-

dentes de linguas xa desaparecidas... eran fontes de información, antigas e orixinais, que el combinaba cos escritores clásicos para poder penetrar na historia antiga de Galicia. Mención á parte merece o aprecio polos documentos medievais (cartas de fundación, doazóns, preitos, herdanzas, etc.), que el procuraba nos arquivos das institucións relixiosas cando se lle presentaba a ocasión.

No espacio reducido deste artigo non é posible analizar con detalles a metodoloxía proposta por Sarmiento para levar a cabo as investigacións históricas, nin a aplicación da mesma. Sería este tema para unha monografía moito máis extensa. En troques limitareime a salientar algúns aspectos do seu labor como anticuario que tiñan que ver co emprego de vestixios ou *supervivencias* do pasado, tanto inmateriais (palabras) como materiais (restos arqueolóxicos).

Canto ás *supervivencias* inmateriais, conservadas na lingua e na toponimia do país, Sarmiento fixo un uso intensivo delas, en razón dun perdurable interese en materia lingüística. Sabido é que unha boa parte dos seus escritos dedicounos a esa cuestión. Pero tamén é certo que en moitas ocasións utilizou as súas habelencias no eido da lingüística para achegarse ás *antigüidades* de Galicia, aproveitando os datos lingüísticos de maneiras diversas. En primeiro lugar, procurando as palabras de antigos idiomas que se conservaban na lingua e na toponimia galegas, e que lle fornecían de indicios acerca dos poboadores da Galicia pre-romana: palabras gregas (peirao, Pindo, Cassitérides...), fenicio-púnicas (Aunios, Belón, Lais...) e celtas (braña, xistral, Bergantiños, Cambre...). En segundo lugar, querendo identificar os lugares da xeografía antiga coa actual, por exemplo: *Insulae Cicae*/illas Cíes, *Burbida*/Borbén, *Laeron*/Lérez, etc. Ou ben tentando explicar os topónimos actuais a partir de etimoloxías latinas: *Ara Augusta*/Arousa, *Castrum Iovis*/Castrove, *Turris Ardens*/Orzán, *Iove*/Xubia, etc., o cal debía fornecer detalles acerca da natureza e funcionalidade dos antigos lugares (aras, torres, *lucus*, *castra*). Por último, aproveitando a toponimia como indicadora da localización de restos arqueolóxicos: *Oleiros*, topónimo que na súa opinión indicaba a existencia de olas ou urnas funerarias; *Cidade* ou *Castro*, sinal de ruínas de antigas poboacións; *Moimenta*, anuncio da presenza de mámoas; *Baños* ou *Caldas*, proba da localización de termas; *Verea*, indicador de vías romanas; *Arcos*, indicio de arcos triunfais erguidos a rentes dos camiños, etc. Se as etimoloxías tiñan en xeral unha especial importancia para el, pois saber a orixe dunha palabra permitiría coñecer o seu verdadeiro significado, no estudio das *antigüidades* eran de enorme axuda para descubrir as xentes que noutrora habitaran o país e para coñecer as condicións de vida no pasado.

Mesmo se cómpre admitir que el non foi nin o primeiro nin o único en tirar partido dos datos lingüísticos neste tipo de investigacións, pois na historiografía galega do XVII foron frecuentes as especulacións etimolóxicas de toda caste en relación coas *antigüidades*, e que algúns dos seus argumentos e solucións non son defendibles hoxe en día; con todo si é preciso salientar que foi Sarmiento quen mellor soubo tirar partido da combi-

nación lingüística/*antigüidades*, e quen o fixo con meirande seriedade, para tratar de resolver os moitos enigmas que lle presentaba o pasado da súa querida Galicia.

Aos amplos coñecementos en materia de *antigüidades* sumábanse os que adquirira no terreo das linguas. No *Catálogo* de obras que posuía constátase sobexamente a atención que dedicaba a ese tema, que se manifestaba nunha mancha de gramáticas e dicionarios dos idiomas máis diversos (latín, grego, árabe, sirio, portugués, éuscaro, francés, inglés, alemán, húngaro, guaraní, peruano, etc.). Merecen especial mención as fontes que Sarmiento utilizaba para descubrir as etimoloxías célticas existentes en Galicia: o *Glossarium ad scriptores mediae et infimae latinatis*, de Charles Du Cange; *Les origines de la langue françoise*, de Charles Ménage; o dicionario de Trévoux; a *Collectanea Etymologica* de Leibniz; o dicionario francés-céltico, ou francés-bretón, de Grégoire de Rostrenen; o famoso libro do bieito bretón Paul Pezron, *Antiquité de la Nation et de la langue des Celtes*, que contiña ao final un glosario de termos bretóns comparados con palabras do latín, grego e alemán; así como diversas obras consagradas ás linguas xermánicas, antigas e modernas (que Sarmiento coidaba célticas), como o *Thesaurus antiquitatum teutonicarum*, de Johann Schilter.

A carón das fontes clásicas e dos datos lingüísticos, os vestixios materiais do pasado constituían outro elemento importante dentro do estudio das *antigüidades* galegas. Dado que non é posible facer aquí unha análise -nin sequera breve- do uso que facía Sarmiento dos restos arqueolóxicos para obter informacións históricas, limitareime, para rematar este apartado, a facer algunhas observacións verbo da atención que prestou ás inscricións antigas e ás mámoas.

Con respecto ás primeiras, atopamos nos seus escritos multitude de referencias. En especial nos relatos das dúas viaxes por Galicia abundan as mencións a inscricións, romanas e medievais, que a miúdo copiou directamente do orixinal. Igualmente nos escritos dedicados aos camiños de Galicia, antigos e modernos, insistía na utilidade das inscricións, que podían axudar moito a determinar con claridade o trazado das vías romanas indicadas no “Itinerario de Antonino” e que incluso daban noticia doutros camiños non consignados polo texto. El mesmo anunciaba a descuberta de varios “miliarios” que xulgaba de enorme importancia como documentos históricos. Neste sentido resulta moi clarificadora a correspondencia que mantivo co seu irmán Francisco Javier acerca do “miliario” atopado no lugar da Almoíña, preto de Pontevedra. Dende Madrid Sarmiento pedíalle ao seu irmán residente en Pontevedra que lle enviase unha copia da inscrición contida no “miliario”, o cal coidaba ser “*un tesoro para las antiguallas de ese país*”, pois permitiría corrixir os datos erróneos do “Itinerario”. Finalmente, no seu *Onomástico* etimolóxico da lingua galega, daba detalladas instrucións para levar a cabo a busca de inscricións antigas: que tipo de inscricións era posible atopar; onde e como buscarlas; o xeito de copialas, etc. “*Todo se ha de recoger, y todo se ha de copiar, pues todo ha de servir*”, concluía nese escrito. “*En suma. Toda piedra: todo metal y todo ajuar ó cachiva-*

che antigo, que tenga letras ó caracteres, aunque no legibles, se deben recojer, y guardar, si es fácil de mover y portear; y si no se debe anotar y escribir tambien el sitio, en donde se halle el monumento que se moviere, y recojere”, insistía noutro lugar (cf. nota 6).

Canto ás mámoas ou medoñas, cómpre atribuír a Sarmiento o mérito de ter sido el o primeiro -cando menos así o indican os datos cos que hoxe contamos- en salientar a potencial utilidade deses vestixios arqueolóxicos como fornecedores de informacións importantes sobre o pasado. E isto é así mesmo a pesar de que o propio Sarmiento non se ocupou de estudialas, pois neste sentido a preferencia polas inscricións e polas moedas (é dicir, polos vestixios do pasado que incluían sempre unha escritura) era ben patente. E tamén malia que a súa atribución cronolóxica e cultural das medoñas non se axeitaba aos nosos coñecementos actuais, porque coidaba que eran monumentos funerarios romanos, enterramentos que as xentes máis modestas erguían a rentes dos camiños. Sexa como for, o esencial da súa actitude con respecto ás mámoas era a conciencia e a convicción de estar perante uns testemuños do pasado dignos de seren conservados e investigados (7).

Así, en troques de querer buscar no interior delas tesouros de ouro e de alfaías, como facían os ignorantes e supersticiosos, as mámoas eran para Sarmiento auténticos tesouros que se presentaban aos anticuarios cheos de útiles informacións que axudaban a coñecer o pasado: *“Los tesoros que los eruditos hallarán en esas Mamoas, si con critica las registran, y observan, serían Tesoros literarios. Con ellos se podrá adelantar la Geographia, la Antigüedad, y la Historia, y suplir mucho que no consta de los Autores antiguos, que se conservan.”* (8). Decía isto pensando en atopar inscricións romanas dentro dos monumentos.

El insistía nos beneficios que o exame das medoñas podía reportar ás *antigüidades* de Galicia, porque unha das principais preocupacións do bieito a respecto dos restos arqueolóxicos era garantir a súa conservación e animar a outros eruditos a que os tivesen en conta e os estudiasen. Verbo da necesidade de conservación, coidaba que a ignorancia dos contemporáneos era un factor aínda máis destructivo e ameazador para os testemuños do pasado cós estragos causados polo tempo. Ignorancia que facía que as antigas inscricións se borrarán pensando que eran cousas de paganismo e de bruxería, ou que as pedras que lles servían de soporte se empregasen como materiais de construción; que as moedas de valor se fundisen, cobizándose o ouro e maila prata; ou que as medoñas se saqueasen na procura dos tesouros das mouras encantadas. Soamente a preocupación dos anticuarios por recoller e copiar os achados podía evitar a desaparición total dun rico legado histórico que era esencial para poder coñecer o pasado. Polo demais, Sarmiento repetía con insistencia que o seu desexo era que algún “curioso” se decidise a investigar en profundidade as *antigüidades* de Galicia, aquelas que el só podía sinalar e esbozar de xeito moi xeral e que na súa ampla obra se mesturaban co resto dos temas que lle interesaban.

Por todo isto non deixou de apuntar aquelas oportunidades que se lle ofrecían ao anticuario á hora obter novos materiais para esculcar no pasado. Por exemplo, a cons-

trucción de camiños debía fornecer da ocasión de atopar restos arqueolóxicos diversos que axudarían a “reconstruír” a xeografía e a historia antigas, nomeadamente da época romana: inscricións, moedas, treitos de vías, “cacharros” ou esculturas. Por este motivo -afirmaba no escrito acerca dos camiños reais- facíase moi necesaria a presenza de dous ou tres “*eruditos anticuarios*” que supervisasen os labores de apertura de novos camiños, e que estivesen moi atentos para recoller obxectos ou para copiar as inscricións que entón se descubrisen. O mesmo pedía Sarmiento aos seus coñecidos: por exemplo ao seu irmán, de quen demandaba noticias sobre a inscrición da Almoíña; ou ao labrego Cyprián Fernández, advertido por el de “*buscar y reservar todo género de antiguallas*” (cf. a viaxe a Galicia de 1754). Igualmente, no proxecto de descrición corográfica *total* de Galicia estaba previsto que o equipo encargado de realizala se preocupase por anotar aqueles lugares onde se descubrisen inscricións e moedas antigas, sartegos ou mámoas, como resultado das informacións achegadas polos paisanos, ou ben atendendo aos indicios que ao respecto ofrecía a toponimia (*Verea, Oleiros, Arcos...*).

Incluso chegará a solicitar que se leven a cabo “escavacións arqueolóxicas” en lugares concretos de especial significación histórica coa confianza de efectuar importantes descubertas. Un bo exemplo desta preocupación “arqueolóxica” de Sarmiento -repetida en varios dos seus escritos- era o interese que amosaba perante o achado de vestixios antigos na praia da Lanzada, no Grove. Alí atopáranse nove sepulturas, que el atribuíu aos “*gentiles*” por mor da disposición dos corpos, e o lugar prometía conter futuros “tesouros arqueolóxicos” que axudasen a resolver algúns dos enigmas das *antigiñidades* galegas. En concreto, el quería saber se alí estivera a antiga cidade de Lambriaca, citada por Pomponio Mela. De aí que propuxese unha investigación máis demorada, financiada polo erario público, e que implicase unha escavación do terreo en busca das ruínas da devandita cidade (quizais animado polos resultados das famosas escavacións de Herculano): “*Sobre los dichos 9 sepulcros de la Lanzada se podrían hacer muchas reflexiones si pasase allí un curioso y, a costa del público, hiciese se cavase en aquel sitio y se registrase todo...*”, dicía no *Problema Chorográfico para describir Galicia*. E no relato da viaxe por Galicia no ano 1754 aínda era máis explícito: “*Sería del caso que el Rey mandase registrar a fundamentis todo aquel sitio y cabar á todos los lados, pues se hallarán allí monumentos raros, y acaso se podría fixar allí la antiquísima ciudad Lambriaca de Pomponio Mela*”. Propostas que, supoño, non foron escoitadas.

E por máis que esa preocupación “arqueolóxica” non chegase tan lonxe como para pretender que os eruditos anticuarios furasen a terra e mailos montes ao xeito das toupas, como xa facían os “*philosophos*” e estudiosos da Historia Natural que buscaban os “fósiles naturais” (a expresión era súa); si que desexaba que os anticuarios se interesasen por observar e por rexistrar todos aqueles “fósiles artificiais” (é dicir, os vestixios arqueolóxicos) que se descubrisen nas proximidades de onde habitaban (9).

Aquí debe rematar este apartado. Constatouse ao longo do mesmo a énfase que puña Sarmiento no emprego de fontes diversas e auténticas á hora de se achegar ao pasado e

de estudialo. Énfase que respondía ademais aos métodos que eran propios dos anticuarios. No caso do bieito galego, ao igual que para moitos dos seus contemporáneos, o uso desas fontes -textos antigos e fidedignos, manuscritos medievais, etimoloxías, o coñecemento da lingua e da xeografía do país, inscricións e outros restos materiais- era unha garantía contra as historias fabulosas e contra as falsificacións introducidas a través dos “falsos cronicóns”, así como o requisito fundamental para erguer edificios históricos inabalables encol de alicerces sólidos e indisputables: a verdadeira historia da cidade de Pontevedra, de Galicia e de España.

4. Conclusión: os principios do anticuario

A metodoloxía propia dos anticuarios que Sarmiento aplicaba ao estudio da antiga historia de Galicia tamén derivaba claramente dos seus principios gnoseolóxicos. En efecto, como xa ten demostrado Pilar Allegue, Sarmiento esteaba as bases do saber no método empírico analítico-inductivo, no cal o coñecemento sensorial da realidade fornecía os datos brutos e orixinais que despois a mente se encargaría de reelaborar e de ordenar en ideas, de combinar esas ideas e finalmente de artellar hipóteses ou teorías que desen conta do *por qué* das cousas, das causas e das consecuencias que se entretécían para conformar a realidade visible e observable. Xa que logo, a súa era unha concepción do saber que combinaba sentidos e razón, inducción e deducción. Unicamente por medio da acción conxunta de ambos sería posible acadar a certeza en relación aos feitos do presente (e tamén acerca de certos feitos do pasado). Refugaba en troques as teorías *a priori* e os *sistemas* que non se apoiaban na experiencia, mais en especulacións vas e en prexuízos. Na súa concepción do saber cumpría ir do concreto cara ás xeneralizacións.

Este método empírico, que se debía aplicar aos feitos do presente (por exemplo, no eido da Historia Natural), tamén era susceptible de se axustar ao estudio do pasado, ou sexa, á Historia e á investigación das *antigüidades*. No caso destas, era igualmente a experiencia sensorial que se obtivera a partir dun exame dos materiais brutos e orixinais do pasado o único método que garantía poder acadar datos históricos fiables e auténticos que axudasen no lento e complexo labor de recuperación dalgúns retallos dos tempos idos: a familiaridade coas escrituras antigas que aseguraba a autenticidade dun documento; a observación atenta dos caracteres dunha inscrición ou dunha moeda; o exame detallado dos monumentos, fosen mámoas, pontes ou vías romanas; a consideración da toponimia e da topografía... En todos estes casos procedíase do concreto e do individual (a inscrición, a moeda, o documento) ao abstracto e á xeneralización. É dicir, a partir de anacos do pasado chegábase a reconstruír acontecementos históricos e a dexergar entre a brétema do tempo diversos aspectos da vida dos humanos en épocas e culturas xa desaparecidas.

Polo demais, ao igual que acontecía noutros ámbitos da súa actividade intelectual, no que atinxía ás *antigüidades* o empiricismo de Sarmiento xunguíase a unha crítica feroz daqueles *sistemas*, teorías ou fábulas, que empecían e deformaban o coñecemento huma-

no. De aí os encarnizados ataques a toda caste de falsificacións e de fábulas históricas, xa fosen as de Annio de Viterbo, os chumbos do Monte Sacro de Granada ou os “cronicones” que infestaban a historiografía hispánica. Por iso insistía en que a historia se debía ler e debía ser feita a partir das fontes orixinais: os autores antigos, os documentos auténticos recollidos nos arquivos, as verbas, os vestixios materiais de tempos pasados... e non baseándose nos escritores modernos, nin moito menos nos “falsos cronicones”. Son numerosos os lugares onde expuña esa nidia contraposición entre *historia verdadeira* (apoiada nas primeiras) e *historia falsa* (resultado de fiarse dos segundos). Naquelas cuestións históricas para a resolución das cales non existían noticias seguras, a única postura prudente era unha confesión de ignorancia e da incapacidade para resolvelas, agás que aparecesen novas posibilidades de información. Así actuaba el no caso das polémicas verbo dos primeiros poboadores de Galicia.

Hai que salientar que non foi Sarmiento o único en xunguir as *antigüidades* co método empírico analítico-inductivo. De feito foi esta unha relación moi habitual, que se viña establecendo dende que se puxeran as bases da Nova Ciencia experimental a finais do século XVI e comezos do XVII, por homes como Galileo ou Francis Bacon, e que continuou durante a centuria seguinte. Así, o famoso anticuario provenzal Nicolas-Claude Fabri de Peiresc, na primeira metade do XVII, proclamábase seguidor de Galileo e facía da experiencia e da observación as pezas clave do seu labor de anticuario. Igualmente, décadas máis tarde, anticuarios británicos como John Aubrey, Edward Lhuyd ou William Stukeley, aplicarán aos traballos sobre as *antigüidades* da illa os principios da metodoloxía científica da *Royal Society* (análises e descrições detalladas dos obxectos e fenómenos naturais, medicións, comparacións, etc.).

Dicir tamén que todos eles, ao igual ca Sarmiento, dentro dos amplos intereses de eruditos combinaron o estudo das *antigüidades* coa Historia Natural e coa lingüística e as etimoloxías. E que nestes tres eidos de investigación que lles eran comúns aplicaron os principios básicos do método científico baseado na observación e na comparación. Se na Historia Natural se facía necesario ler no “libro da Natureza” antes ca nos libros de autores antigos ou modernos; do mesmo xeito no ámbito das *antigüidades* se precisaba centrar a atención nos vestixios auténticos do pasado, evitando as fábulas e os *sistemas* aceptados con anterioridade. Eses eran tamén os puntos de partida de frei Martín.

Finalmente cómpre sinalar que outro dos trazos salientables da “filosofía ilustrada” de Sarmiento -como a definiu Pilar Allege-, a saber, a súa condición humanista e utilitaria, estaba presente no seu labor como anticuario. Pois ao igual que a Historia Natural contribuía a mellorar a existencia humana gracias a un crecente control sobre a Natureza, sendo aquela disciplina base de progresos na agricultura, na pesca ou nas explotacións mineiras; tamén as *antigüidades* debían ter unha finalidade utilitaria. En primeiro lugar, ofrecían unha utilidade obvia: a aplicación dos métodos do anticuario ao estudo do pasado permitiría coñecer a historia verdadeira de España e de Galicia. Isto ademais tiña

unha importancia práctica considerable, pois daquela a historia era un elemento básico na vida política, relixiosa e intelectual en xeral, porque fornecía de exemplos, de argumentos e de xustificacións ás accións, á ideoloxía e ás institucións do presente. Por exemplo, gracias á súa familiaridade como anticuario cos documentos que se conservaban nos arquivos das casas da orde relixiosa á que pertencía, Sarmiento era quen de presentar argumentos históricos a prol dos bieitos nos debates e preitos contemporáneos que afectaban ás propiedades e aos privilexios dos monxes.

Outra utilidade práctica das *antigüidades* púñase de manifesto cando o coñecemento das técnicas e dos materiais que os romanos utilizaran na construción das estradas podía permitir ao arquitecto-anticuario mellorar o estado dos camiños españois. Por este motivo recomendaba a todos os enxeñeiros actuais que examinasen con detalle a *Histoire des grands chemins de l'Empire romain*, de Nicolas Bergier (que el citaba repetidas veces nos escritos sobre os camiños). Neste sentido, así como a apertura de novos camiños permitía a descuberta de restos do pasado (inscricións, moedas, tumbas ou treitos de vías romanas); do mesmo xeito, o estudo das *antigüidades* aseguraba o perfeccionamento das modernas técnicas de enxeñería.

Mesmo as observacións etimolóxicas e unha lectura atenta dos textos da Antigüidade clásica se combinaban a miúdo co estudo da Historia Natural, da lingua e da xeografía galegas, coa finalidade confesada de acadar un coñecemento máis acaído e completo das producións naturais de Galicia que axudase a explotar as riquezas potenciais do país: plantas, animais, terras ou minerais. Mostras disto hainas sobexas nos seus escritos, aínda que non é posible entrar en máis detalles nestas liñas finais. Apuntar soamente que ese obxectivo utilitario tamén era propio de moitos outros anticuarios, os cales eran moi conscientes de estaren a realizar contribucións de valor para os seus contemporáneos nos ámbitos da historia, da política, da relixión ou das ciencias (10).

* * *

Non quero rematar este artigo sen recapitular brevemente as conclusións máis sobranceiras do mesmo. 1^o. Frei Martín Sarmiento, entre outras das súas facianas como erudito, pode ser cualificado de anticuario, en razón da atención que demostraba polo coñecemento do pasado e dos métodos que empregaba á hora de se achegar a el. 2^o. Con frecuencia conxugaba o labor de anticuario con outros intereses intelectuais, nomeadamente coa Historia Natural e coa lingüística. 3^o. As actividades como anticuario alicerzábanse no método empírico inductivo-analítico, que era a cerna de toda a súa vida intelectual. 4^o. Sarmiento inseríase na longa tradición das *antiquitates* (encetada no século XV), en canto aos obxectos de estudo, fontes, métodos de investigación, principios epistemolóxicos e finalidades.

NOTAS

1. Para levar a cabo esta miña análise baseeime nun amplo abano de escritos de Martín Sarmiento: obras publicadas de antigo, escritos editados modernamente (boa parte deles por José Luis Pensado), así como traballos non publicados nin editados, conservados en manuscrito (entre eles a importantísima *Obra de Seiscientos Sesenta Pliegos*, aínda inédita), e mesmo parte da súa correspondencia (editada non hai moito polo Consello da Cultura Galega). De grande utilidade son as edicións do profesor Pensado, quen foi o principal especialista na vida e na obra do bieito galego, polos moitos datos que fornecen acerca das mesmas; datos que foron magnificamente recollidos e condensados nun curto ensaio: *Fray Martín Sarmiento, testigo de su siglo*. Igualmente é de salientar, pola axuda ofrecida á hora da realización deste artigo, o libro de Pilar Allegue *A filosofía ilustrada de fr. Martín Sarmiento*, gracias ao cal é posible inserir os diversos aspectos da obra de Sarmiento dentro das súas premisas filosóficas e gnoseolóxicas (e esa faciana de anticuario non será nisto unha excepción, como se verá ao final deste traballo).
Sobre a cronoloxía dos escritos de Sarmiento, cf. Pensado (1995)
2. Termo ambiguo porque podía designar ao mesmo tempo un eido concreto de investigación histórica, con métodos e fontes particulares; o obxecto de estudio desas investigacións; ou ben as fontes das que facían uso esa caste de estudos para coñecer os tempos pasados que se examinaban (e así, era moi frecuente denominar *antigüidades* -ou *antigallas*- os vestixios materiais do pasado que consideraba o anticuario no decurso das pescudas: inscricións, estatuas, moedas, monumentos...).
3. Veláí unha bibliografía básica (e incompleta) acerca dos anticuarios e das *antigüidades*: Cochrane (1981); Crawford e Ligota (1995); Grell (1995); Kendrick (1950); Miller (2000); Momi-gliano (1979 e 1990); Parry (1995); Piggott (1976, 1985 e 1989); Pomian (1990); Schnapp (1993). Sobre os anticuarios españois tense escrito pouco, e sobre os galegos aínda menos. A miña Tese de Doutoramento (en curso de redacción) está dedicada a un aspecto particular do labor dos anticuarios peninsulares: a construción da antiga historia de Galicia, nun período que abrangue dende a Idade Media ata o principio do século XX.
4. Acerca do estudio das linguas celtas nos séculos XVII e XVIII véxase Droixhe (1978) e Tourneur (1905).
5. Tamén en relación coas *antigüidades* romanas, Sarmiento afirmaba rotundamente a orixe romana da cidade de Lugo (a antiga *Lucus Augusti*) e do faro da Coruña, contra aqueles que no século XVII fixeran delas fundacións do mítico Hércules. Con todo, admitía que a lenda da Torre de Hércules contaba cunha cerna histórica: a existencia, durante a Antigüidade, dun culto a Hércules na bisbarra coruñesa, amosado por unha antiga inscrición dedicatoria a Hércules Xónico descuberta na igrexa de San Pedro de Soandres.
6. Citado en *Geographia de las cuatro vías militares romanas que salían de Braga, á Astorga*.
7. Sen dúbida a familiaridade de Sarmiento coas *antigüidades* romanas, así como certas características das mámoas, facían inclinar a balanza a prol da opinión de que estas eran monumentos funerarios romanos: un nome que derivaba claramente do latín; a relación que el vía entre a distribución das medoñas e o percorrido das vías romanas; a coincidencia entre o ritual de incineración constatado nas mámoas e os costumes funerarios de Roma; ou os indicios que el posuía verbo da descuberta de inscricións latinas no interior dos monumentos megalíticos. Todos estes eran argumentos que contribuían a convencerlo da súa opinión. Os cales debían pesar con máis forza ca outras noticias que daban unha orixe pre-romana a eses monumentos, e que el debía coñecer: p. ex. a través de *L'Antiquité expliquée et représentée en figures* de B. de Montfaucon, onde se atribuían as tumbas megalíticas aos pobos setentrionais anteriores ou contemporáneos dos romanos (galos, britóns, xermanos, escitas, daneses).
Tamén outro senlleiro anticuario galego do XVIII, Joseph Cornide, fará das mámoas monumentos romanos.
8. Citado en *Apuntamientos para un Discurso sobre la necesidad, que hay en España de unos buenos Caminos Reales, y de su publica utilidad...* Subliñado no orixinal.
9. Algúns crédulos labregos pensaban que aqueles que se interesaban por atopar e recoller vestixios do pasado eran meigos ou feiticeiros que coñecían os segredos necesarios para encontrar os tesouros dos *mouros* e das *mouras* encantadas. Sarmiento, a quen podemos imaxinar no decur-

so das súas viaxes tentando satisfacer a curiosidade pola descuberta de *antiguallas* e preguntando insistentemente acerca da existencia e do paradoxo de inscricións ou de medoñas, burlábase do que para el eran mostras da credulidade e da cobiza humanas: “*Supongo, que esos Papanatas estaran aun en la fatuidad de que la inscripción habla de algún sitio, en donde esta enterrado un tesouro encantado (...) V. mrd. no haga caso de las fatuas Censuras, que vomitan los idiotas. Prosigan en recoger inscripciones, monedas, y otras antiguallas; que eso es el verdadero tesoro: y los que blasfeman lo que no entienden, que se ali-*

menten de tesouros encantados”, escribíalle a Pedro González de Ulloa, quen lle enviara copia dunha inscrición romana (citado en *Inscrición Romana en la Limia*; subliñado no orixinal).

10. O argumento clásico a prol das achegas dos anticuarios ás investigacións históricas áchase en Momigliano (1979 e 1990); véxase tamén Crawford e Ligota (1995). Sobre a utilidade dos anticuarios para a política e a relixión, cf. Miller (2000) e Parry (1995). Verbo das relacións entre erudición e ciencias na Europa Moderna cf. Findlen (1994) e Grafton (1991).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALLEGUE AGUETE, P. (1993): *A filosofía ilustrada de fr. Martín Sarmiento*. Vigo. Edicións Xerais de Galicia.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1988): “A historia da Historia. Aproximación a unha historiografía galega (séculos XVI-XIX)” en CASTRO, X. e J. de JUANA (eds.): *IV Xornadas de Historia de Galicia. Historiografía galega*. Ourense. Deputación Provincial: 17-78.
- COCHRANE, E. (1981): *Historians and Historiography in the Italian Renaissance*. Chicago and London. The University of Chicago Press.
- CRAWFORD, M. H. e C. R. LIGOTA (eds.) (1995): *Ancient History and the Antiquarian. Essays in Memory of Arnaldo Momigliano*. London. The Warburg Institute-University of London.
- DROIXHE, D. (1978): *La linguistique et l'appel de l'histoire (1600-1800). Rationalisme et révolutions positivistes*. Genève. Librairie Droz.
- FINDLEN, P. (1994): *Possessing Nature. Museums, Collecting, and Scientific Culture in Early Modern Italy*. Berkeley. University of California Press.
- GRAFTON, A. (1991): *Defenders of the Text. The Traditions of Scholarship in an Age of Science, 1450-1800*. Cambridge, Massachusetts. Harvard University Press.
- GRELL, Ch. (1995): *Le dix-huitième siècle et l'Antiquité en France, 1680-1789*. Oxford. Voltaire Foundation.
- KENDRICK, T. D. (1950): *British Antiquity*. London. Methuen & Co.
- MILLER, P. N. (2000): *Peiresc's Europe. Learning and Virtue in the Seventeenth Century*. New Haven and London. Yale University Press.
- MOMIGLIANO, A. (1979): “Ancient History and the Antiquarian” en *Contributo alla Storia degli Studi Classici. Roma*. Edizioni di Storia e Letteratura: 67-106.
- (1990): “The Rise of Antiquarian Research” en *The Classical Foundations of Modern Historiography*. Harvard. University of California Press: 54-79.
- PARRY, G. (1995): *The Trophies of Time. English Antiquarians of the Seventeenth Century*. Oxford. Oxford University Press.
- PENSADO, J. L. (1995): *Fray Martín Sarmiento, testigo de su siglo*. Salamanca. Artes Gráficas Europa [1ª edición, 1972].
- PEREIRA GONZÁLEZ, F. (2002): “O príncipe *Gatelo*, fundador de Brigancia: un ‘precursor’ de *Breogán* na historiografía galega”, *Gallaecia*, nº 21: 317-343.
- PIGGOTT, S. (1976): *Ruins in a Landscape. Essays in Antiquarianism*. Edinburgh. Edinburgh University Press.
- (1985): *William Stukeley. An Eighteenth-Century Antiquary*. London. Thames and Hudson [1ª edición, 1950].
- (1989): *Ancient Britons and the Antiquarian Imagination*. London. Thames and Hudson.
- POMIAN, K. (1990): *Collectors and Curiosities. Paris and Venice, 1500-1800*. Cambridge. Polity Press.
- SCHNAPP, A. (1993): *La Conquête du Passé. Aux origines de l'archéologie*. Paris. Éditions Carré.
- TOURNEUR, V. (1905): *Esquisse d'une histoire des études celtiques*. Liège. Imprimerie H. Vaillant-Carmanne.